

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 24 de marzo de 2014 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Brens-Cee (A Coruña).*

A área de explotación e planificación portuaria do ente público Portos de Galicia redactou e tramitou o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Brens-Cee, instalacións portuarias situadas no termo municipal de Cee, na provincia da Coruña, e adscritas ao ente público para a súa xestión. Este documento foi redactado de acordo coa formulación prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia realizada o día 28 de febreiro de 2014, este acordou dar a súa conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Brens-Cee, segundo o disposto no artigo 13.e) do Decreto 227/1995, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e o referido artigo 69 do texto refundido, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez vistos o expediente e o informe-proposta da xefa da área de explotación e planificación portuaria do 24.2.2014, que conta coa conformidade do director de Portos de Galicia, así como o acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia do 28.2.2014, que dá a conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Brens-Cee, elevándoo e propoñéndoo para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Medio Rural e do Mar conferida por Orde do 30 de marzo de 2012,

**RESOLVE:**

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Brens-Cee (A Coruña), asinado en xuño de 2012 polos enxeñeiros de camiños, canles e portos Andrés



Cervantes Refojos, como xefe do departamento de planificación portuaria e por Ana Isabel Calzadilla Bouzón, como xefa da área de explotación e planificación portuaria.

O que se fai público en cumprimento do artigo 69.6 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2014

José Juan Durán Hermida  
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: s39djcs9-unc3-gnn1-ggo1-hb9euavtr7m0

